

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2012.

Estimado Presidente:

De acordo ao establecido no decreto 4/1987, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de organización e funcionamento do Consello de Comunidades Galegas, en desenvolvemento da Lei 4/1983 do 15 de xuño, de recoñecemento da galegitude, compráceme informarche que o Presidente da Xunta de Galicia e Presidente do devandito Consello, D. Alberto Núñez Feijóo, ven de convocar para os vindeiros días: **xoves, 28 e venres, 29 de xuño do presente ano**, na cidade de **Santiago de Compostela**, a celebración do **“X Pleno do Consello de Comunidades Galegas”**.

A fin de adiantar, na medida do posible, os traballos loxísticos, agradézoche que comuniques a túa disposición para asistir ao Consello, ou ben os datos da persoa representante desa entidade. Podes facelo enviando cuberta a **credencial** que se acompaña, ao número de fax: 981 54 72 96, ou ben a través do correo electrónico coordinacion.emigracion@xunta.es. Do mesmo xeito podes dirixir as túas consultas ao teléfono: 00 34 981 54 72 64 ou ben 00 34 981 54 72 56.

Próximamente enviáremosvos a tódolos membros do Consello, os datos do hotel de aloxamento, así como os da axencia de viaxes que estará encargada de facer a reserva e emisión das pasaxes de avión. En caso de que, por proximidade, o medio elixido sexa outro, será necesario facelo saber a persoa de contacto indicada na axencia de viaxes.

Xúntase a **resolución de convocatoria** publicada no Diario Oficial de Galicia o pasado luns, 26 de marzo.

Adiántoche que a cea de benvida está prevista para o mércores, 27 de xuño, véspera da inauguración oficial deste “X Pleno do Consello de Comunidades Galegas”, ás 21:00h. no hotel de aloxamento. En vindeiras datas será enviada información detallada do programa de traballo, así como das comunicacións ás adendas que serán presentadas.

Agradecendo a túa colaboración, recibe unha forte aperta.